



ANEXO

INSTRUCCIÓN PARA ELABORAR UNHA MEMORIA FINAL DE ACTUACIÓN PARA A ATENCIÓN AO ALUMNADO PROCEDENTE DO ESTRANXEIRO E/OU AO ALUMNADO DE MINORÍAS ÉTNICAS DURANTE O ANO 2011

Trátase de recoller, mediante unha breve descrición detallada, as actuacións desenvolvidas no ano 2011 para a atención ao alumnado procedente do estranxeiro e/ou ao alumnado de minorías étnicas. O obxecto da elaboración desta Memoria é a de dar a coñecer o labor diario nos centros educativos e difundir, con posterioridade, as boas prácticas educativas nesta atención á diversidade, así como ofrecer a posibilidade de dar continuidade a estas actuacións.

INSTRUCCIÓN:

1.- Esta memoria deberá incluír de xeito resumido, como mínimo, os aspectos que se detallan a continuación (de non existir no seu centro algún dos aspectos comúns que se detallan indicalo expresamente nesta):

- ***Aspectos comúns ás dúas memorias (actuacións con respecto ao alumnado procedente do estranxeiro e/ou alumnado pertencente a minorías étnicas):***

- Referencia que se fai nos diferentes documentos do centro da existencia deste alumnado, así como da súa atención ou aspectos relevantes:
 - Proxecto educativo (xustificación baseada no contexto).
 - Concrecións curriculares (interculturalidade nas áreas curriculares, nas diferentes etapas, ciclos e/ou cursos).
 - Programacións de aula (actuacións desenvolvidas na aula).
 - Plan de orientación (medidas de atención á diversidade do centro).
 - Plan de atención á diversidade, de existir.
 - Plan de acción tutorial.
 - Plan de convivencia (actuacións de formación e convivencia intercultural positiva para todo o alumnado do centro onde están escolarizados).
 - Medidas ou plans de prevención e/ou intervención referidas ao absentismo deste alumnado (de ser o caso).



- ***Aspectos específicos de cada unha das memorias (actuacións con respecto ao alumnado procedente do estranxeiro ou respecto ao alumnado pertencente a minorías étnicas):***

• **Medidas, plans e programas específicos de atención ao alumnado procedente do estranxeiro:**

- Plan de acollida (organización, protocolos, figuras do alumnado-guia-titor e do mediador intercultural no centro, comunicación coas familias...).
- Medidas curriculares recollidas na orde do 20 de febreiro de 2004, pola que se establecen as medidas de atención específica ao alumnado procedente do estranxeiro (DOG do 26 de febreiro). Deseño e posta en práctica de programas de reforzo nas áreas curriculares que se considere necesario, sobre todo nas áreas de linguas polas dificultades que poidan presentar este alumnado (descoñecemento dunha ou das dúas linguas oficiais de Galicia):
 - Grupos de adquisición de linguas.
 - Grupos de adaptación de competencia curricular.
- Formación do profesorado: grupos de traballo do profesorado dos diferentes departamentos, áreas ou materias, para elaboración de recursos que faciliten a integración no currículo aspectos básicos das culturas dos países de orixe, así como de elaboración de documentos para probas de nivel que permitan a avaliación do nivel de competencia curricular de chegada do alumnado (en diferentes idiomas).
- Actividades de colaboración entre diferentes servizos públicos na atención deste alumnado establecendo un servizo de mediación que facilite a integración das familias inmigrantes. Outras actuacións e coordinacións con diversos organismos do contorno (explicar como e con que organismos).
- Outras medidas, plans ou programas específicos (nomear e explicar).
- Outras actuacións (adaptación de menús nos comedores escolares ás diferentes culturas, xornada de cociña internacional, cultura da emigración, exposicións, charlas, programas de cine temático, dende a biblioteca escolar dispoñer de seleccións literarias sobre os diferentes países... ou calquera outras actuacións puntuais non incluídas nos plans ou programas anteriores).

• **Medidas, plans e programas específicos de atención ao alumnado de minorías étnicas (alumnado xitano):**

- Actuacións, plans ou programas favorecedores do éxito escolar e da promoción sociolaboral do alumnado xitano.
- Proxectos de inclusión do alumnado xitano, con medidas tendentes a ofrecer a comunidade xitana, actividades, experiencias, que lle sirvan para valorar a escola e facilitar a súa participación.



- o Actividades de colaboración entre diferentes servizos públicos na atención deste alumnado, especialmente cos servizos sociais do contorno (xestións para adquisición de libros de texto e material escolar, así como facelos partícipes do comedor escolar, clases de apoio polas tardes para os nenos e os seus pais, atención especial ás familias de etnia xitana para actos administrativos como matrícula, solicitude de bolsas, outras xestións...). Outras actuacións e coordinacións con diversos organismos do contorno (explicar como e con que organismos). Existencia dunha figura de mediador ou similar.
- o Formación do profesorado: grupos de traballo do profesorado dos diferentes departamentos, áreas ou materias, para elaboración de recursos que faciliten a integración no currículo aspectos básicos da cultura xitana.
- o Outras medidas, plans ou programas específicos (nomear e explicar)
- o Outras actuacións (creación de espazos de encontro no centro educativo para favorecer a participación e a colaboración das familias xitanas, encontros entre alumnas para motivalas a seguir estudos, organización de espazos e tempos en horario extraescolar para alumnado xitano que quere seguir estudando.

2.- Os centros que teñan alumnado procedente do estranxeiro e de minorías étnicas, é dicir, recibiran unha dotación económica por cada un destes conceptos, deberán **facen unha única memoria**, unificando a información e recollendo os aspectos **referidos a estes dous tipos de alumnado**.

3.- Unha vez elaborada a memoria, os centros **poderán engadir os documentos que consideren oportunos e sexan xustificativos da información referida nesta** (non son obrigatorios estes documentos), xunto con unha **relación detallada** destes.

4.- O **formato da memoria** seguirá a seguinte norma: documento de Word, tipo de letra arial 12, interliñado 1,5 e escrito a unha sola cara.

5.- A memoria e os documentos que consideren oportunos, deberán remitirse por correo postal, unha copia en **soporte papel** e outra copia en **CD-Rom ou similar**, indicando a referencia ***“Memoria final de actuacións para a atención ao alumnado procedente do estranxeiro e/ou ao alumnado de minorías étnicas durante o ano 2011”*** (eliminar do título o que non proceda estranxeiro / minorías étnicas, de ser o caso) e o **nome do Centro educativo** que a emite.

6.- Toda a documentación, deberá remitirse **antes do 15 de marzo de 2012** ao enderezo que se indica a continuación:

Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa
Servizo de Ordenación, Innovación e Orientación Educativa
Edificio Administrativo San Caetano, s/n Bloque II - 2º Andar
15781 Santiago de Compostela
Tfno. 981 54 65 12
Fax: 981 54 65 50

